

Unha serie de trazos caracterizan a sociedade romana ao longo da súa historia, malia que co paso do tempo se producirán cambios e se flexibilizarán os grupos. Trátase dunha sociedade xentilicia, censual e xerárquica; é dicir, a familia e a riqueza determinan a posición que ocupan os individuos, establecida de maneira rixida. Ademais, hai unha distinción esencial entre poboación libre e non libre, así como entre as persoas que gozan da cidadanía romana e as que non.

O individuo sitúase na sociedade romana a partir dunha serie de institucións: familia, *gens* e *ordo* ou grupo social. A familia é o ámbito prioritario da vida dun romano: nela o *paterfamilias*, o varón de maior idade, asume o poder sobre todos os seus membros e bens. A *gens* agrupa as familias que teñen un antepasado común. As primeiras *gentes* estarán na orixe da elite patricia.

Dous grupos encabezan a sociedade. A orde senatorial, a aristocracia, estaba formada polos cidadáns máis ricos que eran grandes propietarios de terras; rendeiros aos que lles correspondía ocupar os altos cargos da política e do exército. A súa condición era hereditaria. Pola súa vez, a orde ecuestre estaba integrada por aqueles que demostraban unha fortuna superior aos 400 000 sesteracios, dedicados a actividades de tipo comercial, negocios, préstamos etc. Coa expansión territorial xorde a *ordo decurionum* (moi numerosa, entre 100 000 e 150 000 membros), formada polas elites das comunidades provinciais. O resto da poboación conforma a parte máis numerosa, a *plebs* ou plebe, un conglomerado de xentes de moi diversa condición en función da súa situación económica: obreiros, campesiños, artesáns etc.

De maneira progresiva, a minoría senatorial abrírase a cabaleiros e novos grupos dirixentes das cidades primeiro itálicas e logo provinciais. Durante a etapa imperial os cabaleiros gañarán presenza política e social. No Baixo Imperio dilúese aínda máis a distinción entre senatoriais (*clarissimi*) e cabaleiros (*perfectissimi*) e agudízase a polarización social, establecida finalmente entre grandes terratenentes (*honestiores*), por unha banda, e campesiños, artesáns e pequenos comerciantes empobrecidos (*humiliores*), por outra. Ademais, os latifundistas asumirán funcións públicas mediante un padroado que permitirá numerosos abusos de poder.

Neste cadro social hai que incluír tamén a clientes, escravos e libertos. Os clientes eran persoas libres que estaban baixo a protección ou *patrocinium* dunha familia, á que lle prestaban diversos servizos e rendían fidelidade.

Os escravos (*servi* e *servae*) entran na categoría de *res* ou cousa, e así carecen de dereitos, sendo considerados unha posesión dos seus amos (*domini* ou *dominae*). A principal fonte de escravitude foi a conquista, os prisioneiros de guerra. Tamén a descendencia dos escravos (*vernae*) herdaba a súa condición. Ademais, os escravos eran adquiridos nos mercados e incluso por certas condenas se podía perder a liberdade. Constituían a forza de traballo principal da economía romana. As súas condicións de vida diferían moito en función da actividade desempeñada: desde escravos moi formados que traballan na administración do Estado (*servi publici*) ou na casa do emperador, persoal doméstico, peóns no campo ata os duros labores das minas. Unha vez que remata a conquista de territorios comezará a reducirse o número de poboación escrava.

Os escravos podían ser liberados (mediante a manumisión), acadando a condición de semiliberdade propia dos libertos. Estes podían votar pero non optar a cargos políticos. Os seus fillos eran xa cidadáns de pleno dereito. Como no caso anterior, a súa situación dependía da actividade que desempeñaban. Co tempo, este colectivo cobrará maior presenza no aparato burocrático dada a preparación da que moitos gozaban. En particular destacan os libertos imperiais que asumirán cargos de confianza do emperador.

### Muller

A romana era unha sociedade patriarcal. Nela a muller aparece tutelada por un home (pai, marido, irmán) debido á súa suposta debilidade (*levitas animi*), que lle impedía realizar actos xurídicos por si mesma. Esta tutela non desaparecerá ata o s. I, aínda que na práctica a muller gozaba de certa capacidade de acción (maior respecto doutras sociedades da época) e, de feito, podía herdar ou divorciarse. Unha romana carecía de dereitos políticos: non podía votar nin ser votada para cargo ningún. Pese a esta limitación no ámbito público, si tiña unha función social relevante, a que desempeñaba como *matrona*. Esta dedicábase con esmero á súa casa, a criar os fillos nos valores propios de Roma (os futuros cidadáns imprescindibles para o Estado); de aí que as matronas puidesen ser moi admiradas, caso de Cornelia, a nai dos Graco. Por outra banda, aínda que a historia adoita esquecer o seu papel ou incidir nos aspectos máis pexorativos (é común que sexan descritas como manipuladoras e conspiradoras), houbo mulleres influentes, sobre todo no período imperial: Livia, esposa de Augusto; Agripina a Menor (irmá de Calígula, muller de Claudio e nai de Nerón) ou Xulia Domna e Xulia Mesa, determinantes na continuidade da dinastía dos Severos.

### Actividades económicas

Roma foi ante todo unha sociedade agraria na que a terra e o gando determinaban a riqueza. Non obstante, as súas xentes desenvolveron cunha intensidade nunca vista as posibilidades produtivas en todos os ámbitos: agricultura, artesanía e minaría, principalmente. O cultivo esencial eran os cereais, xunto coas leguminosas. Co tempo, tres produtos, a chamada tríade mediterránea composta por trigo, vide e oliveira, convertéronse nos máis representativos. Os romanos incrementaron o rendemento agrícola co emprego de utensilios de ferro, o arado de tracción animal, sistemas de regadío e barbeito, fertilizantes ou mellorando muiños e prensas de aceite. Incluso contaban con especialistas na materia como Columela, quen escribiu varios tratados de agronomía no s. I. O forte incremento produtivo permitiu alimentar unha poboación cada vez maior e fomentou a especialización rexional: aceite bético, viño itálico ou trigo exipcio (de feito, Exipto foi considerado o auténtico celeiro de Roma). Outro produto de grande éxito foi a salga de peixe. Os romanos promoveron factorías pesqueiras para salgar peixes pequenos que, gardados en recipientes cerámicos, se conservaban durante meses (unha protoindustria conserveira).

Dentro da artesanía sobresa a produción masiva de cerámica común de mesa, pezas de cociña, almacenaxe e transporte (ánfo-

ras) ou de alta calidade (de paredes finas e ricamente decoradas como a *terra sigillata*), así como materiais construtivos (ladrillos e tellas). Aquí tamén se deu unha auténtica especialización con obradoiros de ceramistas moi apreciados, cuxos traballos circulaban por todo o territorio romano.

## Moeda

Non foi ata o s. V a. C. cando Roma empregou a moeda nos seus intercambios comerciais grazas ao contacto cos gregos. Nun principio utilizou simples lingotes de bronce e cobre, chamados *aes rude*. As primeiras moedas, *aes* ou *as*, datan do s. III a. C. O sistema monetario romano baséase no peso das pezas, é dicir, no valor real do metal no que se cuñan as moedas (non como o valor nominal que segue o sistema monetario actual). A principal moeda era o denario, de prata, que equivalía a dez ases, de aí que levase un X inscrito. Pola súa vez, o sestercio equivalía a un cuarto de denario. Co paso do tempo foron empregándose metais de menor valor, coma cobre ou estaño, para abaratar as producións. De igual xeito, sobre todo en época imperial, cuñáronse tamén moedas de ouro, denario áureo e sólido; esta última xa co emperador Constantino. Durante as sucesivas crises económicas unha das medidas máis habituais foi depreciar o valor das moedas mediante a redución do peso do metal para tentar (sen éxito) frear a inflación.

## Comercio

Os romanos crearon unha rede de intercambios comerciais (grazas ás vías terrestres e ao tráfico marítimo mediterráneo) que puxo en contacto todas e cada unha das súas provincias, no que foi o primeiro mercado común europeo. Se na República os intercambios tiñan como punto de orixe e chegada Roma, na etapa imperial estes foron múltiples entre os diversos territorios nun comercio integrado. Esta situación permitiu elevadas producións e unha enorme especialización; e así por todo o inmenso Imperio circulaba trigo de Exipto, viño e aceite de Hispania, peixe salgado e *garum* do norte de África, cerámica grega, ouro da Dacia, especias e teas de Oriente etc. Un exemplo espectacular do consumo elevado de mercadorías importadas é o monte Testaccio, en Roma. Trátase dun pequeno outeiro artificial, duns 50 metros de altura, formado pola acumulación de millóns de ánforas que levaban aceite da Bética á capital imperial; é dicir, un vertedoiro que indica que xa na época tiñan problemas co lixo e coa reciclaxe...



Testaccio (Roma), fotografía de P. Araújo



Ánforas, fotografía de E. Montenegro

## Comunicacións

Ademais de exitosos conquistadores, os romanos foron habilidosos construtores e enxeñeiros. Roma creou unha rede de vías de arredor de 100 000 km unindo as súas principais cidades. A expresión *omnes viae Romam ducunt* non é propaganda, reflicte a realidade e significa a primeira rede europea de comunicación. Os seus camiños permitían o fluxo do correo, de xentes e mercadorías, e, por suposto, de ideas; tamén, e de xeito paradoxal, na fase final os bárbaros empregáronos para invadir o Imperio. Supoñen un traballo de enxeñaría magnífico, froito, sobre todo, do labor disciplinado do exército. Ao carón destas vías, a partir de estacións de descanso para viaxeiros (*mutationes* e *mansiones*) existentes cada 20 ou 30 km foron xurdindo asentamentos de poboación que artellaban os territorios. Para orientarse nestes camiños os romanos colocaban grandes cilindros de pedra (de arredor de 2 metros de altura) indicando a distancia en millas á capital máis próxima. Estes miliarios servían, así mesmo, como un elemento de propaganda imperial porque recollían o nome dos gobernantes que promovían a vía.



Miliario, fotografía de F. Vila

## A vida urbana

A civilización romana estivo marcada polo desenvolvemento da vida urbana, mediante a expansión do modelo da súa capital. Os romanos elixían os lugares máis idóneos para levantaren as súas cidades e organizaban o seu plano de xeito regular. Neste



ámbito, como noutros moitos, seguían o exemplo grego: o plano hipodámico ou en taboleiro reticulado que traza rúas en ángulo recto. Ademais, buscaban sempre dotalas de servizos que mellorasen a calidade de vida dos seus habitantes. Un aspecto esencial era a subministración de auga potable, así como a evacuación das augas residuais, polo que non escatimaban esforzos á hora de construíren acuedutos ou cloacas.

Por outra banda, toda cidade debía contar con espazos para o recreo da súa veciñanza: teatros, anfiteatros, circos ou estadios, porque distinguían ben os praceres do traballo, que para eles era, precisamente, a negación do ocio (*otium*), o *negotium*. Outro lugar de recreo e aseo obrigado eran as termas: baños públicos de uso masivo que en ocasións acadaban grandes dimensións ata conformar enormes recintos de lecer que incluían bibliotecas, ximnasios, xardíns etc., como as de Caracalla e Diocleciano.



Teatro de Mérida

## Megaconstrucións

Xunto coa rede viaria, os romanos levantaron construcións prodixiosas, impensables na súa época. A audacia que mostraron na conquista tamén se evidenciou neste ámbito. O emprego masivo de arcos de medio punto e grandes bóvedas permitiulles crear obras asombrosas coma o anfiteatro Flavio ou Coliseo (con capacidade para 50 000 espectadores) e o panteón de Agripa (coa maior cúpula coñecida ata o Renacemento grazas aos seus máis de 40 metros de diámetro). Non nos sorprende, porque estamos afeitos á súa presenza, pero que unha construción permaneza en pé durante máis de 2000 anos resulta toda unha fazaña (moi preto de nós, a Torre de Hércules, único faro da antigüidade que permanece activo, ou a Muralla de Lugo, practicamente intacta envolvendo aínda hoxe a cidade). Pensemos na caducidade das edificacións actuais... Unha das claves da resistencia das obras romanas foi o formigón (*opus caementicium*), composto por auga, cal, pequenas pedras (mellor volcánicas) e, nalgúns caos, un ingrediente “secreto”, auga de mar, que achega máxima dureza á mestura resultante.



Coliseo (Roma), fotografía de E. Montenegro

A habilidade construtiva chegou a pontes (como a de *Emerita Augusta*, Mérida, que supera o río Guadiana cos seus 750 metros e 60 arcos), presas e acuedutos de dúcias de quilómetros (que furaban montañas ou salvaban ríos para levar auga ao centro das cidades), ou empregouse para explotar o prezado ouro (chegando a cavar minas de 100 metros de profundidade, como a de Rosia Montana, na Dacia, en Romanía; ou arruinando literalmente montañas —*ruina montium*—, como nas Médulas de León). E plasmouse en magnas obras como termas xigantescas (as de Caracalla e Diocleciano), fastuosas *villae* de recreo (como a *villa* Adriana) etc. Os romanos foron capaces de case todo, non se marcaron límite ningún. Incluso chegaron a iniciar a construción do canal de Corinto (para aforrar os 400 quilómetros que supón percorrer a península do Peloponeso); o propio Nerón inaugurou os traballos. Non o lograron, pero ata finais do s. XIX ninguén sería capaz de facelo!



Muralla de Lugo co graffiti de X. César, obra de Diego As

## Relixión

A relixión romana, máis que unha doutrina establecida, consiste na práctica dunha serie de rituais e cultos tanto na esfera pública (na que constitúen un dos piares do Estado) como na privada. Trátase dunha relixión politeísta que, partindo de divindades etruscas e gregas, irá enriquecendo o seu panteón con deuses foráneos. Dos etruscos toman tamén as prácticas mánticas para coñecer a vontade dos deuses e predicir o futuro (interpretando o voo das aves ou lendo as vísceras de animais sacrificados). Os deuses e deusas, con formas humanas, especializábanse en diferentes campos e así había practicamente unha divindade para cada necesidade. Á fronte do panteón estaba a tríade capitolina: Xúpiter, Xuno e Minerva; podemos sinalar tamén a Marte (guerra), Ceres (agricultura e fecundidade), Diana (deusa da caza), deuses da familia e do fogar (Lares e Penates), dos mortos (Manes) etc. A partir de Augusto os emperadores asumirán valor sagrado e reafirmarase a identificación da relixión co Estado por medio do culto ao emperador.

O pragmatismo romano alcanzou tamén este ámbito. O seu espírito resúmese na expresión *do ut des*, posto que o fiel lle rendía culto a unha divindade a cambio de que esta lle concedese algún beneficio. Os numerosos cultos e rituais eran organizados por sacerdocios (de *flamines* e *flaminicae*) que se agrupaban en colexios; por exemplo, as vestais, sacerdotisas de Vesta.

Era unha relixión aberta a outras influencias, caracterizada pola tolerancia e o sincretismo. De feito, o choque co cristianismo virá, en esencia, da negativa dos seus fieis a renderlles culto ás divindades oficiais romanas por entender que o seu deus era o único verdadeiro.

## Morte

Na civilización romana a morte enténdese como vida de ultratumba, razón pola cal o espazo funerario co seu ritual e a memo-

ria do defunto se converten en elementos decisivos para garantir o descanso no outro mundo. Para coñecer este ámbito contamos con dous elementos de estudo: as necrópoles e as estelas funerarias ou lápidas.



Necrópole (Ostia Antica), fotografía de E. Montenegro

As necrópoles sitúanse á beira dos camiños de entrada e saída da cidade, sempre fóra do recinto urbano, e nelas practicábanse tanto a inhumación como a incineración. A inhumación foi usada principalmente no ritual primitivo de Roma, para ser substituída lentamente pola incineración a partir do s. IV a. C. No Imperio inverterase o proceso: contra mediados do s. II a incineración perde adeptos fronte á inhumación, ata a súa case total extinción dúas centurias despois. O estudo dos tipos de tumbas indica a tendencia a formas cada vez máis elaboradas: desde ataúdes de madeira, fosas simples cubertas con tellas, enterramentos dentro de ánforas... ata, no s. V, sarcófagos e sepulcros de laxes pétreas.

Por outra banda, os romanos adoitaban identificar as tumbas con lápidas. Nas súas inscricións abundan fórmulas establecidas. O modelo máis común ábrese coa invocación aos deuses Manes (*D. M.* ou *Diis Manibus*), espíritos dos antepasados que actuaban como protectores, xunto co nome e a idade do falecido, e a continuación a identidade de quen dedica a peza (polo xeral custosa).



Lápida funeraria (Museo de Mérida), fotografía de E. Montenegro

## Exército

Segundo a tradición, o exército sería organizado, como outras entidades, polo primeiro rei romano, Rómulo. Non obstante, a información que temos da institución parte de Servio Tulio (s. VI a. C.), cuxa clasificación da sociedade en cinco *classes* permitiría

que cada unha delas, en función da súa riqueza, subministrase unidades, chamadas centurias, ao exército. Polo tanto, os soldados, infantes ou cabaleiros, tiñan que figurar no censo como propietarios. De feito, non se remuneraba a participación no exército e mesmo os soldados sufragaban o seu equipamento.

A finais da República, con Mario (107 a. C.), ten lugar a gran reforma do exército, que abre paso á súa profesionalización cara a tropas permanentes equipadas polo Estado. Daquela xa non é preciso gozar da condición de propietario, os soldados recibirán unha paga cada vez maior e esperarán unha recompensa logo de licenciados e convertidos en veteranos (polo común terras para asentarse). Así, en boa medida, a partir de aquí as tropas vincularán a súa fortuna á dos seus xefes, creándose importantes lazos de fidelidade.

O servizo militar era moi duro polas condicións de vida (marchas interminables, cambio constante de campamentos) e prolongábase durante moitos anos (desde 16 ata 20 ou 25), nos que os soldados apenas volvían ás súas casas e tiñan prohibido casar e formar unha familia. Na práctica, as tropas sortearon estas limitacións e, de feito, foron un dos factores máis activos de romanización nas rexións que ocupaban ao mesturarse coas comunidades locais.

Os cidadáns romanos conformaban as lexións, unidades moi numerosas (entre 5000 e 6000 homes), mentres os individuos do resto de territorios integraban as tropas auxiliares; estes últimos como premio, unha vez licenciados, obtiñan o dereito de cidadanía. O número de lexións variou e roldou as 30 na época de maior expansión. Hai que engadir o corpo de elite formado polos pretorianos (escoltas dos emperadores). Nos últimos séculos o exército precisou unidades menores, máis rápidas, para defender o inmenso *limes*. Do mesmo xeito, os soldados foron cada vez con maior frecuencia recrutados nas rexións próximas aos seus destinos, ao tempo que aumentaron os mercenarios. De feito, algúns autores mesmo chegaron a considerar a barbarización do exército como un dos factores decisivos da decadencia de Roma.

## Legado

Como se preguntan na película *A Vida de Brian*, «Que fixeron por nós os romanos?». A súa herdanza é tan fonda na cultura occidental que, ás veces, mesmo pasa desapercibida. O mapa político que deixan as ruínas do Imperio romano de Occidente supón a orixe de boa parte dos reinos medievais e futuros estados modernos europeos. O dereito romano está na base do ordenamento xurídico dos países occidentais. Do latín derivan as linguas románicas ou romances, entre outras: catalán, español, francés, galego, italiano, portugués ou romanés. A propia relixión cristiá chéganos por Roma. E outros aspectos enchen as nosas vidas de romanidade: os nomes dos días da semana, meses e planetas; ou algo tan esencial como a maneira de contar o tempo, o calendario. O calendario xuliano, con doce meses por ano segundo o ritmo solar, foi adoptado por Xulio César, e non foi modificado ata o calendario gregoriano do s. XVI.

